

DIARIO DE PORTO - CABEIRO

Edita CEIP Porto - Cabeiro
Vilar 6º Curso

Xoves 12 de novembro do 2015
Número de Edición: 02

NOTICIAS



A LUZ DE LISBOA, ARTE E INPIRACIÓN



Capaz de namorar a directores de cine e fotógrafos de todo o mundo, de inspirar poemas e prosas de seducir tanto a turistas como locais, xa que é unha das principais iconas inmateriais da capital Lusa. Inda que non se pode ver nin tocar :a luz de Lisboa envolve á capital dunha maxia especial pero son varios factores da propia cidade os que permiten crear esa luminosidade.

“Portugal é un país con moito vento, o que limpa a atmosfera e permite unha alta visibilidade” explicou Monteiro, quen recorda que dende a capital é posible ver a outra marxe do Texo con nitidez. Tamén inflúen os sete outeiros sobre as que se pousa a cidade, otórganlle a forma dunha cuncha, de modo que a luz se reflexa nos outeiros e no Texo e se concentre nos vales.

A fórmula complétase cos materiais co os que está construída a cidade, As fachadas de cores rosas, amarelos e ocres, as baldosas que recobren algúns edificios e a tradicional calçada portuguesa que recobre o chan da cidade.



Feito por: **Lucía F.**